




UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Servicio de Alumnado
Sección de Títulos

Pavillón Estudiantil
Campus universitario sur
15706 Santiago de Compostela



Por convenio celebrado en data do 15 de setembro de 1995, entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. recoñécese o Centro Superior de Hostelería de Galicia como centro vinculado a esta Universidade.

Por acordo da Xunta de Goberno de data do 22 de decembro de 1998, co obxecto de cumprilo citado convenio, apróbase o plano de estudos conducente á obtención do título e Diploma de Xestión de Empresas Hosteleiras, que terá a condición de Título Propio cíclico da Universidade de Santiago de Compostela.

Por Resolución rectoral de data do 3 de xuño de 1999 establécese o procedemento de expedición e entrega de títulos propios de Primeiro Ciclo: Diploma de Xestión de Empresas Hosteleiras, e de Segundo Ciclo: Gran Diploma de Xestión e Dirección de Empresas Hosteleiras que se regularán pola normativa aplicable á expedición de títulos propios da Universidade de Santiago e de maneira supletoria pola normativa aplicable ós títulos oficiais.

A devandita RR de data 3 de xuño, no seu apartado 4.4.- ENTREGA, establece que os títulos expedidos serán remitidos ó director do Centro para a súa entrega ós interesados.

POLO EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVE:

PRIMEIRO.- Achegar ó director do Centro Superior de Hostelería de Galicia os



títulos expedidos correspondentes ós alumnos que remataron os estudos de Segundo Ciclo na convocatoria de novembro de 1999 e na convocatoria de decembro de 1999.

SEGUNDO.- Achegar tamén os títulos reimpresos dos alumnos que acadaron a Mención Especial ó Mellor Proxecto e Mención Especial Fin de Carreira nos estudos de Primeiro Ciclo.

TERCEIRO.- O director do Centro deberá asina-los títulos antes da súa entrega ós interesados.

CUARTO.- Os títulos deberán ser entregados ós interesados segundo o procedemento que se establece no apartado 4.4 da RR de data do 3 de xuño de 1999.

Os títulos que foron reimpresos substitúen ós que xa foron entregados no Centro por RR do 15 de novembro de 1999, os cales quedan invalidados e deben ser remitidos polo Centro Superior de Hostelería á Sección de Títulos desta Universidade para a súa destrucción.

QUINTO.- O Centro Superior de Hostelería de Galicia deberá ingresa-lo importe do adeudo que se achega, na conta de prezos públicos que a Universidade de Santiago ten aberta en Caixa Galicia, co número 2091-0300-41-3110000-473.

Santiago, 1 de marzo de 2000 .
O RECTOR

DARÍO VILLANUEVA PRIETO

SR. DIRECTOR DO CENTRO SUPERIOR DE HOSTELERÍA DE GALICIA